



## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES E DECORACIÓN DO NADAL 2021**

#### **Artigo 1. Obxectivo**

O Concello de Barbadás convoca o Concurso de Escaparates e Decoración de Nadal co obxectivo de fomentar a colaboración cidadá na ornamentación e embelecemento da vila durante a tempada de nadal 2021-2022, facendo partícipes da imaxe de Barbadás a comerciantes e a hostalaría. O concurso promoverá a creatividade e a difusión dunha boa imaxe da vila co ambiente artístico e tradicional de nadal ao gusto da veciñanza. Ademais, reforzaranse a unión do tecido económico. Establécense uns premios para as persoas gañadoras do concurso para promover a participación e o interese de posibles concursantes.

#### **Artigo 2. Participación**

Poderán participar todos os establecementos comerciais e hostaleiros do Concello de Barbadás.

#### **Artigo 3. Valoración**

O tema a desenvolver xirará en torno ao ambiente do Nadal. Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo.

No caso dos establecementos hostaleiros que non dispoñen de escaparate, terase en conta para que poidan participar a decoración interior, exterior e das terrazas.

Para a valoración, teranse en conta os seguintes parámetros:

##### **1) CREATIVIDADE**

Valorarase segundo a capacidade de innovar o concepto tradicional do nadal, mostrando isto mediante a decoración, a innovación, o deseño e o emprego de diversos materiais (recicladados, reutilizables, ecolóxicos...).

##### **2) ORIXINALIDADE**

Valorarase a orixinalidade con aspectos que lle aporten á decoración algo especial e diferenciado.

##### **3) APRECIACIÓN DE ELEMENTOS LOCAIS**

Valorarase a través de colocación de imaxes e decoración nas que se representan elementos senlleiros de todo o Concello de Barbadás.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **Artigo 4. Inscripcións**

Os impresos debidamente cumprimentados presentaranse por rexistro, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá, ou a través da Sede Electrónica dende o 30 de novembro ata o 11 de decembro de 2021 (ambos os dous incluídos).

Os impresos poderán obterse, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá ou a través da páxina web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)) .

Unha vez presentada a folla de inscrición será preciso para formalizar a participación no concurso enviar unha foto do escaparate ou decoración interior, no seu caso, a dirección de correo electrónico [cet@barbadas.es](mailto:cet@barbadas.es) ata o día 11 de decembro de 2021 (incluído).

### **Artigo 5. Premios**

Estableceranse os seguintes premios:

1º premio escaparate de establecemento comercial de 300€.

2º premio escaparate de establecemento comercial de 200€.

1º premio escaparate de establecemento de hostalería de 300€.

2º premio escaparate de establecemento de hostalería de 200€.

### **Artigo 6. Órgano avaliador**

Na web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)) habilitarase un formulario onde as persoas interesadas poderán votar telemáticamente, entre os días 13 e 19 de decembro de 2021.

Unha vez se coñezan os gañadores do concurso, comunicárselle formalmente e ademáis publicarase na web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)).

### **Artigo 7. Criterios de adxudicación dos premios**

Os premios serán adxudicados por orde aos participantes que obtivesen máis votos telemáticos.

### **Artigo 8. Entrega de premios**

O día 22 de decembro coñeceranse as persoas gañadoras e o día 23 de decembro de 2021 farase entrega dos diplomas as persoas gañadoras.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

**A participación no concurso suporá o cumprimento e a aceptación das presentes bases.**

**O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.**

